

41. Acuicultura: conxunto de actividades que, mediante algún tipo de intervención no ciclo biolóxico ou no medio no que habitan os peixes ou plantas, permiten controlar a súa reprodución e/ou crecemento. É moi significativa en Galicia, e está restrinxida a un pequeno abano de especies, en función da súa importancia económica e do desenvolvemento dunha tecnoloxía axeitada e limitada espacialmente á beiramar ou as augas continentais. Exemplos desta actividade son as bateas de mexilón nas rías galegas, as piscifactorías...

42. Agricultura ecolóxica: sistema para cultivar unha explotación agrícola, baseado na utilización óptima dos recursos naturais e sen empregar produtos químicos de síntese ou organismos xeneticamente modificados (OXMs) -nin para fertilizante nin para combater as pragas-, logrando deste xeito obter alimentos ecolóxicos á vez que se conserva a fertilidade da terra e se respecta o medio. O seu incremento está vencellado á difusión da idea dun crecemento sostible e equilibrado, e cada vez son máis por exemplo en Galicia as explotacións ecolóxicas ligadas ao mercado de proximidade e a eliminación de intermediarios.

43. Denominación de orixe: Certificación de calidade que se outorga a produtos dun determinado territorio do que toman o seu nome, que asegura certas características comúns que todos deben cumprir. Resulta cada vez máis frecuente en produtos agrarios (viños, aceites, carnes, legumes, queixos, doces, etc.). Esta figura facilita o acceso de produtores a mercados nacionais e internacionais. Un exemplo sería serían as denominacións de orixe para os viños galegos, como Rías Baixas, Ribeira Sacra... tamén: Pemento de Herbón, Queso de Tetilla, Mejillón de Galicia...

44. Desagrarización: Concepto que fai referencia á perda de poboación adicada á actividade agraria, así como á perda de importancia económica da actividade agrícola nun territorio, e o conseguente debilitamento das institucións sociais vencelladas a esta actividade que organizan diferentes aspectos da vida social. En toda España tense producido este proceso, especialmente desde finais dos anos setenta. Exemplo deste proceso son a existencia de aldeas abandonadas e en ruínas que abundan no interior de Galicia e a paulatina perda de poboación das zonas rurais das provincias interiores en contraste co aumento nas zonas costeiras das dúas provincias occidentais.

45. Explotación intensiva: é aquela explotación agraria que elimina os barbeitos e recorre á produción continua do terreo, estimulada polo emprego de fertilizantes e o regadío artificial. Este tipo de agricultura intensiva obtén unha forte produtividade, sobre terreos moitas veces de extensión reducida. É moi habitual no litoral mediterráneo, especializado na horticultura. Exemplo deste tipo de explotacións serían os invernadoiros no sueste da Península, en pobos como El Ejido.

46. Política Pesqueira Comunitaria (PPC): Política europea que vai encamiñada a unha explotación sustentable do medio mariño e dos seus recursos e a fomentar o cultivo de especies polo sistema da acuicultura, así como a negociar acordos con países non comunitarios para poder pescar nos seus caladoiros. Esta política establece cotas de capturas por especie, e normas orientadas a favorecer a renovación biolóxica das especies mariñas, desta maneira por exemplo a flota española ten un límite de capturas para especies como o bocarte, que una vez acadada dita cota, ten que parar a súa actividade pesqueira, tamén se limita o tamaño das flotas pesqueiras e o tipo de artes que se poden usar.

47.Silvicultura: Actividade que trata do cultivo de montes e bosques. A práctica máis habitual da silvicultura é o aproveitamento forestal de espazos destinados á produción de madeira, leña ou resinas, pero que tamén poden ter un efecto positivo na protección de cuncas hidrográficas, a conservación de hábitats naturais -susceptibles de integrarse en parques naturais protexidos- e o desenvolvemento de espazos recreativos. A silvicultura é moi importante en zonas de España como Galicia, aquí sobre todo o monte fornece de madeira para mobles, pasta de papel...